

Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa por por grúa para a retirada de vehículos

ARTIGO 1. Fundamento Legal

Esta Entidade Local, en uso das facultades contidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, nos artigos 105 e 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade ao disposto no artigo 20.4.r) en relación cos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establece a Taxa por Prestación do Servizo de inmobilización, retirada e depósito de vehículos, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

ARTIGO 2. Ámbito de Aplicación

A presente Ordenanza será de aplicación en todo o termo municipal de Gondomar.

ARTIGO 3. Feito imponible

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación de Servizo de inmobilización, retirada e depósito de vehículos, de conformidade co artigo 20.4.z) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

O Servizo de inmobilización, retirada e depósito de vehículos incluirá:

- a) A retirada, traslado e depósito de vehículos da vía pública, de conformidade co artigo 71 do Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, Regulamento Xeral de Circulación e normas regulamentarias municipais.
- b) A inmobilización por procedementos mecánicos, de vehículos na vía pública, de conformidade co artigo 70 do Real Decreto Lexislativo 339/1990 do 2 de marzo, Regulamento Xeral de Circulación e normas regulamentarias municipais.

ARTIGO 4. Suxeitos Pasivos

Son suxeitos pasivos, en concepto de contribuíntes, os condutores do vehículo obxecto do servizo.

Non estarán suxeitos a esta taxa:

- a) Os propietarios de vehículos que xustifiquen que lles foron roubados, o que deberán acreditar aportando copia ou fotocopia compulsada da correspondente denuncia por roubo, e sempre que a devandita denuncia fora tramitada ante a autoridade competente antes da data de inmobilización ou retirada do vehículo da vía pública.
- b) Os propietarios de vehículos trasladados de lugar ou inmobilizados por estar estacionados no itinerario ou espazo que vaia a ser ocupado por unha comitiva, desfile ou actividade de relieve debidamente autorizada, ou por ser necesario para a reparación e limpeza da vía pública, sempre que se xustifique que a sinalización do itinerario ou estacionamento prohibido temporal, non se fixo coa antelación suficiente para ter coñecemento de tal circunstancia.
- c) Os vehículos retirados ó depósito municipal ou lugar habilitado ó efecto, por causa de accidente, non devengarán a taxa por retirada e traslado. Respecto da taxa por permanencia no depósito, esta empezará a ser efectiva a partir do día seguinte ó da notificación da situación do vehículo, que será realizada pola Policía Municipal, no prazo máximo de quince días.

ARTIGO 5. Responsables

Responderán dá débeda tributaria os debedores principais xunto a outras persoas ou entidades. A estos efectos consideraranse debedores principais os obrigados tributarios do apartado 2 do artigo 35 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Salvo precepto legal expreso en contrario, a responsabilidade será sempre subsidiaria.

En todo caso, o titular que figure no permiso de circulación do mesmo será responsable subsidiario do pago da taxa.

En relación á responsabilidade solidaria e subsidiaria da débeda tributaria estarase ao establecido nos artigos 42 e 43, respectivamente, da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

ARTIGO 6. Exencións, Reducións e Bonificacións

De conformidade co disposto no artigo 9 del R.D.L. 2/2004 non se recoñece beneficio tributario ningún, salvo os que sexan consecuencia do establecido nos tratados ou acordos internacionais, ou os expresamente previstos en normas con rango de Lei.

ARTIGO 7. Cota Tributaria

A cota desta Taxa será a que figura no anexo desta Ordenanza.

ARTIGO 8. Devengo

Devéngase a presente taxa e nace a obriga de contribuír no momento en que se inicie a prestación dos servizos a que se refire o artigo 3 desta Ordenanza, entendéndose por tal, o momento da inmobilización ou enganche material do vehículo para o seu traslado.

ARTIGO 9. Réxime de Liquidación e Ingreso. Xestión.

O pago da Taxa efectuarase con anterioridade á recollida do vehículo do depósito municipal ou lugar habilitado ó efecto, ou, no seu caso, antes de producirse o desenganche do vehículo transportador, se estivese en fase de traslado ó depósito.

Para o cobro, utilizarase o modelo anexo a esta Ordenanza por duplicado (para o suxeito pasivo e para o depositario) debidamente cumplimentado. No caso de que a recadación se realice en efectivo, esta deberá ser ingresada nas contas bancarias do Concello indicando o concepto (retirada de vehículo matrícula _____) e o nome do suxeito pasivo.

A esixencia da Taxa que regula esta Ordenanza será compatible co pago das sancións ou multas que procedan por infracción simultánea de normas de circulación ou de policía urbana.

ARTIGO 10. Infraccións e Sancións Tributarias

En todo o referente a infraccións e sancións, será de aplicación a Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, en concreto os artigos 181 e seguintes, e as disposicións que a desenvolvan.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza, aprobada polo Pleno do Concello de Gondomar, entrará en vigor no momento da súa publicación integra no Boletín Oficial da Provincia e comenzará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de ano seguinte a da súa publicación, permanecendo en vigor até a súa modificación ou derogación expresa.

A N E X O

A cantidade a esixir por esta taxa obterase por aplicación das seguintes tarifas:

1.—Por inmobilización de vehículos con procedementos mecánicos:

1.1.—De vehículos de menos de 4 rodas..... 7,29

1.2.—Turismos 12,22

1.3.—Vehículos pesados 15,14

2.—Por enganche a vehículo transportador ou grúa:

2.1.—De vehículos de menos de 4 rodas..... 13,34

2.2.—Turismos 26,80

2.3.—Vehículos pesados 45,14

3.—Por enganche e traslado:

3.1.—De vehículo de menos de 4 rodas 66,68

3.2.—Turismos 77,73

3.3.—Vehículos pesados 111,17

4.—Por permanencia do vehículo no depósito municipal (en €./día):

4.1.—De vehículo de menos de 4 rodas 2,41

4.2.—Turismos 4,83

4.3.—Vehículos pesados 7,29